

D. JOSE MARIA BAÑOS CAMPO, SECRETARIO XERAL DO CONCELLO DE MONFORTE DE LEMOS

CERTIFICO:

Que a Xunta de Goberno Local, na súa sesión celebrada o día 14 de marzo do 2016, adoptou entre outros o seguinte acordo:

“5.- CONTRATACIÓN E SERVIZOS

A) CONTRATACIÓN.

AL CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE ORGANIZACIÓN DA ANIMACIÓN DA FEIRA MEDIEVAL DO CONCELLO DE MONFORTE.

Visto o informe do Técnico de Cultura de 22.1.2016 e a Providencia da Concelleira Delegada competente de 2.3.2016, faise constar que.-

1º.- De conformidade co establecido no artigo 138 do RD. 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da lei de contratos do sector público (TRLCSP), a denominación de contratos menores, o é en consideración ao seu importe, que ten que ser inferior a 50.000 euros (IVE aparte), cando se trate de contratos de obras, ou a 18.000 euros, cando se trate doutros contratos.

2º.- O artigo 10 TRLCSP, precisa que *“son contratos de servizos aqueles cuyo objeto son prestacións de facer consistentes en el desarrollo de una actividad o dirigidas a la obtención de un resultado distinto a una obra o un suministro, categorías enumeradas en el Anexo II.”*

3º.- Nos contratos menores, artigo 111 TRLCSP, establécese que só se esixirá a aprobación do gasto e a factura correspondente expedida conforme á normativa vixente.

Porén, o Concello de Monforte de Lemos na base 33ª das de execución do orzamento do Concello, referida aos gastos menores, dispón que *“Cando a contía sexa superior a 1.000 euros e inferior a 18.000 euros, o expediente conterá unha proposta de adquisición razoada, detallada e valorada, debendo acreditarse a consulta a tres empresas, polo menos, salvo que resultase imposible ou inconveniente por razóns que deberán acreditarse no expediente”*. Neste senso, constan no expediente os seguintes orzamentos.-

ESPECTÁCULOS A.M.B PRODUCCIONES, S.L.	10.800.-€ (IVE aparte).
TROULA ANIMACIÓN	9.560,00.-€ (IVE aparte).
PRODUCCIONES KULL D'SAC	12.300,00.-€ (IVE aparte).

4º.- Estes contratos non poderán ter unha duración superior a un ano, nin ser obxecto de prórroga nin de revisión de prezos (art. 23 ex. art. 89 TRLCSP).

Asemade, e en virtude do disposto no artigo 19.1.a) do TRLCSP, atopámonos ante un contrato privado por encontrarse o seu obxecto comprendido na categoría 26 do Anexo II do citado texto legal.

5º.- Convén destacar que, examinada a documentación obrante no Servizo de Contratación, relativa á diferentes contratacións menores con motivo da celebración da XIV Feira Medieval do Concello de

Monforte de Lemos aprobadas con posterioridade pola Xunta de Goberno Local, conclúese que a suma dos importes de cada unha das referidas propostas excede do límite establecido no artigo 138.3 do TRLCSP, para a celebración de contratos menores, polo que poderíamos atoparnos nun suposto de fraccionamento do contrato.

Sen embargo, a pesares de que a finalidade última dos contratos que se pretenden celebrar é a organización da XIV Feira Medieval non podemos considerar está como obxecto do contrato no seu conxunto se non que corresponde considerar diferentes contratos de servizos, cada un co seu propio obxecto, destinados todos eles a esa finalidade común.

Trátase polo tanto de contratos autónomos de servizos polo que a referencia ao fraccionamento non resulta aplicable no caso que nos ocupa. Non é posible tampouco aplicar o artigo 86 do TRLCSP, referido especificamente á posibilidade de fraccionar distintas prestacións que forman parte dun único contrato porque non existe un só contrato se non varios, todos eles destinados a unha mesma finalidade cál é a organización da XIV Feira Medieval.

Distintos sería o suposto de celebrar un contrato que tivese por obxecto a organización da citadas Feira Medieval, é dicir, a adxudicación a un só contratista dun contrato con dito obxecto, en cuxo caso o fraccionamento en distintos contratos por cada unha das prestacións tería que someterse ás regras fixadas polo artigo 86 do TRLCSP.

6º.- A competencia para contratar, de conformidade co previsto no apartado primeiro da Disposición Adicional Segunda do TRLCSP, atribúese ao Alcalde, sempre que o importe do contrato non supere o 10 por 100 dos recursos ordinarios do orzamento. Se sé supera a referida porcentaxe a competencia corresponderá ao Pleno. No entanto, e de conformidade co Decreto de Alcaldía de 18.06.2015, dita competencia atópase delegada na Xunta de Goberno Local do Concello de Monforte de Lemos.

Por canto antecede, a Xunta de Goberno Local adopta por unanimidade o seguinte


ACORDO

PRIMEIRO: APROBAR o gasto correspondente, con cargo á aplicación orzamentaria 334.226.09 do orzamento xeral para o ano 2016.

SEGUNDO: ADXUDICAR, por “contrato menor”, á entidade Troula Animación con CIF. b-36940690 e/r D. Diego Roca Fernández con DNI. 63170221-V, o servizo de Animación durante a XIV Feira Medieval do Concello de Monforte de Lemos, polo importe de 9.560,00.-€, aos que habería que engadir 2.007,60.-€ en concepto de IVE (21%) o que fai un total ascendente de 11.567,60.-€, segundo orzamento que achega (NRE.2675/2016) e que aparece incorporado ó expediente.

TERCEIRO.- ADVERTIR, segundo consta no expediente que para a celebración do espectáculo que leve aparelado o emprego de lume, deberá, tanto acoutarse un perímetro de 10mx10m na súa contorna como garantirse a presenza de dotacións antiincendios ao longo do seu desenvolvemento. De non cumprimentarse as citadas esixencias a actuación non se levará a cabo. “

E para que así conste e coa advertencia prevista no artigo 206 do ROF, expido e asino a presente de orde e co visto e prace do Sr. Alcalde, en Monforte de Lemos, dezaseis de marzo de 2016.



José Tomé Roca